

CONCELLO DE SANDIÁS*Edicto.*

Por Decreto da Alcaldía do 2 de xuño de 2010 aprobase, a seguinte oferta de emprego público para 2010:

Funcionario de carreira:

-Grupo C. Subgrupo C2. Clasificación: escala administración xeral, subescala auxiliar. Número de vacantes: unha. Denominación: auxiliar administrativo. Oposición libre.

Sandiás, 2 de xuño de 2010.

M^a Concepción Méndez Gándara
Alcaldesa

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA*Anuncio.*

O Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria ordinaria que tivo lugar o vinte e oito de maio de dous mil dez, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

26.-Aceptación da delegación de competencias en materia de instrución de expedientes sancionadores por infraccións das normas de tráfico do concello de Ponteceso.

Aceptar a delegación de competencias en materia de sancións por infracción das normas sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria acordada polo Concello de Ponteceso.

O exercicio das competencias delegadas obxecto de aceptación levarase a cabo nos termos establecidos nas bases e terá efectos desde o momento en que se publique este acordo no BOP e no DOG, conforme o establecido no artigo 7 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 7 de xuño de 2010.

Salvador Fernández Moreda Presidente da Deputación Provincial da Coruña	José Luis Almau Supervía Secretario da Deputación Provincial da Coruña
---	--

c) OUTROS ANUNCIOS**CENTRO UNIVERSITARIO DA DEFENSA-ESCOLA NAVAL MILITAR**

Resolución do 23 de xuño de 2010 pola que se nomea profesora do Centro Universitario da Defensa na Escola Naval Militar a Ana Belén Barragáns Martínez (CD0001).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión de selección nomeada para vulgar o concurso

de acceso convocado por Resolución do 14 de abril de 2010 (DOG do 3 de maio), e presentada pola concursante proposta a documentación a que se fai referencia a base 9.4 da convocatoria.

Esta dirección, no uso das súas atribucións, resolveu nomear a Ana Belén Barragáns Martínez, con DNI 44085043-T, profesora PCUD1 (equivalente a profesora contratada doutora) do Centro Universitario da Defensa situado na Escola Naval Militar de Marín.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente formalización do contrato pola persoa interesada.

Marín, 23 de xuño de 2010.

José María Pousada Carballo
Director do Centro Universitario da Defensa-Escola
Naval Militar de Marín

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Resolución do 23 de xuño de 2010, da Xerencia do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, pola que se anuncia a contratación dunha subministración para o equipamento e amoblamento do centro de día de Muros xestionado por este consorcio, mediante o procedemento aberto multicriterio e tramitación urxente.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, unha vez cumpridos os trámites administrativos correspondentes, resolve anunciar concurso para a seguinte contratación:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

b) Número de expediente: CGSIB/008/10/SU/CD.

2. Obxecto do contrato.

Descrición do obxecto: contratación dunha subministración de equipamento e mobiliario para o centro de día de Muros xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

a) Lugar de execución: Galicia.

b) Prazo de execución: ata o 30 de agosto de 2010 (máximo).